Cinema no xardín- no LICEO MUTANTE
rosalía de castro, 100

# AgostO 2015

Mércores 5
22:15

## LA MAS MACABRA DE LAS VIDAS

sesión nº 2887

Kikol Grau
Cattaliña 2014, DVD, documental

Na contaminada marxe esquerda do río Nervión, Bilbao, a principios dos 80 , Eskorbuto lanzaba as súas primeiras patadas e esgarros musicais. A banda punk que revolucionou a música é retratada aquí da forma máis punk posible, nunha chalada remestura de material saqueado (con propósitos subversivos e divertidos) de películas, noticiarios e publicidade, xunto con vídeos, directos e declaracións do grupo, nunha entrevista imaxinaria guiada polas súas cancións.

"Las más macabras de las vidas" o seu filme sobre a fundacional banda bilbaína Eskorbuto estreouse o pasado ano no Festival de Cine Europeo de Sevilla e gañou a 8ª edición do Dock of the bay, Festival de Cine Documental Musical de Donostia.

Kikol estará con nós para departir sobre a España da Transición o punk e o que se tercie.

Xoves 6
22:15

## BIONTE sesión nº 2888

Lucía Vilela,
2015, super8, 6 mins
Representación fragmentada en movemento do lique invasor.
A proxección das súas formas, texturas e cores relaciónase coa descomposición microorgánica da emulsión fotográfica.

## LÚA/ DECALCOMANÍA

sesión nº 2889

Miguel Mariño, 2014, 16 mm, 24 min
Dúas películas de animación abstracta pintadas a man directamente sobre acetato e celuloide de 16 mm.
O dialogo vibrante entre a luz e a súa ausencia é o leitmotiv da peza. Na película "Lúa" o proceso de cambio vai dende o negro ata a luz total, mentres que en "Decalcomanía" esta viaxe se inverte, comezando cun cadro cheo de luz e rematando na escuridade absoluta.

## VOLONTÈ sesión nº 2890

(obra colectiva, 2015, 16 mm transferido a dixital, 27 mins)
Tras un ano de inactividade, o grupo de improvisación sonora experimental e noise Volontè reúnese cun equipo de rodaxe.
O dispositivo fílmico móstrase e desvela ao tempo que o da propia banda.
Unha película de: Marcos Flórez,, Helena Girón, Rafael Mallo, Roberto Mallo, Miguel Prado, Lucas Vázquez, Lucía Vilela.

Os realizadores das pezas acompañárannos nesta sesión para poder establecer entre tod@s un diaólogo en torno a elas.

Martes 18
22:15

## CHAVAGA, MONTECELO

sesión nº 2891

Enrique Vega,
Francia, 2009, 55', VO, documental

O verán en Galicia na casa familiar: o ritmo diario das idas e vindas dos mozos que traballan e a charla sen fin dos anciáns na sombra da vella casa. Tamén é unha oportunidade para aprender máis acerca dun episodio oculto protagonizado polos últimos membros da guerrilla antifranquista.

Crónica familiar evaporada no sopor dun verán en Galicia, apuntalada polas cuestións do narrador sobre un dramático episodio acontecido durante a Guerra Civil española.

Este documento tan particular, lento e sensible, saca a súa forza da acumulación do non dito e os silencios reticentes...

Pouco a pouco, a trama expándese, cremos comprender do que se trata, pero non temos a certeza, como na vida...

Enrique Vega, nos acompañará na proxección.

Mércores
19
22:15

# O QUINTO EVANXEO DE GASPAR HAUSER

sesión nº 2891

Alberto Gracia,
Galicia, 2013, DVD
61',VO,
Zeitun Films

Novo episodio das peripecias do 'enfant sauvage' Gaspar Hauser, acompañado do seu inseparable e querido cabaliño de madeira. Suxeito imposible, Gaspar ten nesta ocasión a personalidade fragmentada en cinco personaxes arquetípicos: un anano sadomasoquista, unha sedutora doncela, un tipo cínico e déspota, un mariñeiro romántico e un batman patético, encarnado este último polo propio director da película. Un antiheroe de bata e zapatillas, fumador compulsivo, que representa a inadaptación na que está inserido o home decepcionado, o home que pensa, o home que é deste mundo sen selo.

Alberto Gracia, nos acompañará durante a sesión.

Xoves
20
22:15

# LAS ALTAS PRESIONES

sesión nº 2892

Angel Santos
Galicia, 2014, DVD
95 min.

Miguel viaxa a Pontevedra, a súa cidade natal, co encargo de rexistrar as localizacións para unha pelicula. A súa viaxe lévao de regreso ao lugar no que creceu, ao reencontro con vellos amigos, pero tambien, á posibilidade dunha nova relacion: Alicia, unha nova enfermeira que conseguirá tranquilizalo. Miguel trata de levar a remate o seu traballo aínda que case sempre prefira gravar á xente coa que se encontra, os movementos e os rostros dos seus amigos, os trens pasando ou o mar.

'As altas presións' quere ser unha desas películas.
Unha que pareza unha viaxe, no que o importante non sexa chegar dun punto a outro, senón o propio traxecto, a deriva. Un cine que parta do íntimo, que fale de nós como individuos e como xeración, pero tamén como un grupo de persoas facendo unha película aquí e agora. Con ilusión e esperanza."
Ángel Santos

Ángel Santos,nos acompañará durante unha sesión moi especial, na que non faltará a música e uns pinchos.

Venres
28
22:15

# FESTA
# de achegamento DO CINECLUBE no Liceo Mutante.

Un bo plan para a tarde e a noite do venres.
Obradoiros, música, proxeccións e picoteo para dar a coñecer o cineclube Pontevedra a súa nova ubicación, proxectos, captación de socios e peto colaborador.
Aunaremos o espírito festivo e comprometido do Liceo Mutante coa nosa oferta cultural.
Colofón para este mes de traballo conxunto en Cinema no Xardín. Por suposto un gran pracer e unha honra poder participar neste ciclo cunha programación excepcional.

Cinema no xardín- no LICEO MUTANTE
rosalía de castro, 100

# AgostO 2015

Mércores 5
22:15

## LA MAS MACABRA DE LAS VIDAS

sesión nº 2887

Kikol Grau
Cattaliña 2014, DVD, documental

Na contaminada marxe esquerda do río Nervión, Bilbao, a principios dos 80 , Eskorbuto lanzaba as súas primeiras patadas e esgarros musicais. A banda punk que revolucionou a música é retratada aquí da forma máis punk posible, nunha chalada remestura de material saqueado (con propósitos subversivos e divertidos) de películas, noticiarios e publicidade, xunto con vídeos, directos e declaracións do grupo, nunha entrevista imaxinaria guiada polas súas cancións.

“Las más macabras de las vidas” o seu filme sobre a fundacional banda bilbaína Eskorbuto estreouse o pasado ano no Festival de Cine Europeo de Sevilla e gañou a 8ª edición do Dock of the bay, Festival de Cine Documental Musical de Donostia.

Kikol estará con nós para departir sobre a España da Transición o punk e o que se tercie.

Xoves 6
22:15

## BIONTE

sesión nº 2888

Lucía Vilela,
2015, super8, 6 mins
Representación fragmentada en movemento do lique invasor.
A proxección das súas formas, texturas e cores relaciónase coa descomposición microorgánica da emulsión fotográfica.

## LÚA/ DECALCOMANÍA

sesión nº 2889

Miguel Mariño, 2014, 16 mm, 24 min
Dúas películas de animación abstracta pintadas a man directamente sobre acetato e celuloide de 16 mm.
O dialogo vibrante entre a luz e a súa ausencia é o leitmotiv da peza. Na película "Lúa" o proceso de cambio vai dende o negro ata a luz total, mentres que en "Decalcomanía" esta viaxe se inverte, comezando cun cadro cheo de luz e rematando na escuridade absoluta.

## VOLONTÈ

sesión nº 2890

(obra colectiva, 2015, 16 mm transferido a dixital, 27 mins)
Tras un ano de inactividade, o grupo de improvisación sonora experimental e noise Volontè reúnese cun equipo de rodaxe.
O dispositivo fílmico móstrase e desvela ao tempo que o da propia banda.
Unha película de: Marcos Flórez,, Helena Girón, Rafael Mallo, Roberto Mallo, Miguel Prado, Lucas Vázquez, Lucía Vilela.

Os realizadores das pezas acompañáran-nos nesta sesión para poder establecer entre tod@s un diaólogo en torno a elas.

Martes 18
22:15

## CHAVAGA, MONTECELO

sesión nº 2891

Enrique Vega,
Francia, 2009, 55', VO, documental

O verán en Galicia na casa familiar: o ritmo diario das idas e vindas dos mozos que traballan e a charla sen fin dos anciáns na sombra da vella casa. Tamén é unha oportunidade para aprender máis acerca dun episodio oculto protagonizado polos últimos membros da guerrilla antifranquista.

Crónica familiar evaporada no sopor dun verán en Galicia, apuntalada polas cuestións do narrador sobre un dramático episodio acontecido durante a Guerra Civil española.

Este documento tan particular, lento e sensible, saca a súa forza da acumulación do non dito e os silencios reticentes...

Pouco a pouco, a trama expándese, cremos comprender do que se trata, pero non temos a certeza, como na vida...

Enrique Vega, nos acompañará na proxección.

Liceo Mutante
CINE CLUBE PONTEVEDRA
CONCELLO DE PONTEVEDRA
XUNTA DE GALICIA
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Cinema no xardín- no LICEO MUTANTE
rosalía de castro, 100

AgostO 2015

Mércores 19
22:15

## O QUINTO EVANXEO DE GASPAR HAUSER

sesión nº 2891

Alberto Gracia,
Galicia, 2013, DVD
61',VO,
Zeitun Films

Novo episodio das peripecias do 'enfant sauvage' Gaspar Hauser, acompañado do seu inseparable e querido cabaliño de madeira. Suxeito imposible, Gaspar ten nesta ocasión a personalidade fragmentada en cinco personaxes arquetípicos: un anano sadomasoquista, unha sedutora doncela, un tipo cínico e déspota, un mariñeiro romántico e un batman patético, encarnado este último polo propio director da película. Un antiheroe de bata e zapatillas, fumador compulsivo, que representa a inadaptación na que está inserido o home decepcionado, o home que pensa, o home que é deste mundo sen selo.

Alberto Gracia, nos acompañará durante a sesión.

Xoves 20
22:15

## LAS ALTAS PRESIONES

sesión nº 2892

Angel Santos
Galicia, 2014, DVD
95 min.

Miguel viaxa a Pontevedra, a súa cidade natal, co encargo de rexistrar as localizacións para unha pelicula. A súa viaxe lévao de regreso ao lugar no que creceu, ao reencontro con vellos amigos, pero tambien, á posibilidade dunha nova relacion: Alicia, unha nova enfermeira que conseguirá tranquilizalo. Miguel trata de levar a remate o seu traballo aínda que case sempre prefira gravar á xente coa que se encontra, os movementos e os rostros dos seus amigos, os trens pasando ou o mar.

'As altas presións' quere ser unha desas películas.
Unha que pareza unha viaxe, no que o importante non sexa chegar dun punto a outro, senón o propio traxecto, a deriva. Un cine que parta do íntimo, que fale de nós como individuos e como xeración, pero tamén como un grupo de persoas facendo unha película aquí e agora. Con ilusión e esperanza."
Ángel Santos
Ángel Santos,nos acompañará durante unha sesión moi especial, na que non faltará a música e uns pinchos.

Venres 28
22:15

## FESTA de achegamento DO CINECLUBE no Liceo Mutante.

Un bo plan para a tarde e a noite do venres.
Obradoiros, música, proxeccións e picoteo para dar a coñecer o cineclube Pontevedra a súa nova ubicación, proxectos, captación de socios e peto colaborador.
Aunaremos o espírito festivo e comprometido do Liceo Mutante coa nosa oferta cultural.
Colofón para este mes de traballo conxunto en Cinema no Xardín. Por suposto un gran pracer e unha honra poder participar neste ciclo cunha programación excepcional.

Liceo Mutante
CINE CLUBE PONTEVEDRA
CONCELLO DE PONTEVEDRA
XUNTA DE GALICIA
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA